



REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DE DATA 7 DE MAIO DE 2013.

Na sala de Xuntas do Excmo. Concello de Pontevedra, sendo as nove e trinta horas do día sete de maio de dous mil trece, reúnese a Mesa de contratación para a dar conta do informe da avaliación técnica do “SOBRE B” realizado polo Arquitecto xefe da OTA, para adxudicar a obra de “Arranxo da estrutura, fachada e cuberta da Casa do Concello”, presidida pola Concelleira da área de Protección cidadá, servizos e festas; dona Carme da Silva; por delegación do Excmo. Sr. Alcalde; asisten como vocais o Arquitecto xefe da OTA, don Angel Velando Rodriguez; a Xefa do Servizo de Intervención Xeral, dona Mónica Aldao Cid; o Asesor Xurídico, don José García Mon; e a Xefa do Servizo de contratación dona Marta de las Heras Rodriguez, en funcións de Secretaria, que da fe do acto.

Constituída Mesa de contratación dase conta do informe da avaliación técnica do “SOBRE B” emitido polo Arquitecto xefe da OTA, onde se establece a seguinte puntuación :

EMPRESA	Melloras	Plan de control	Total SOBRE B
OREGA	12,04	4,50	16,54
EDISERPO	27,59	5,00	32,59
TUCONSA	12,58	0,00	12,58
PROYCOGA	15,50	3,00	18,50
COPCISA	9,77	2,50	12,27
BALBOA Y BUCETA	5,25	4,50	9,75
CPA&IBEC	16,08	4,50	20,58
DICSA	26,77	4,50	31,27

A Mesa de Contratación acepta o informe e a Presidenta ordea a súa incorporación ao expediente. Seguidamente en acto público procédese á apertura dos “**SOBRES C: criterios evaluables automáticamente mediante fórmula**” presentados polas empresas admitidas, sendo os seguintes:

EMPRESA	OFERTA ECONOMICA
OREGA	299.355,91
EDISERPO	274.623,25
TUCONSA	302.022,72
PROYCOGA	289.170,69
COPCISA	273.176,34
BALBOA Y BUCETA	301.834,50
CPA&IBEC	254.470,20
DICSA	285.000,00

O Presidente da por finalizado o acto público quedando reunidos os membros da Mesa ao obxecto de puntuar os “SOBRES C”, obtendo as empresas a seguinte puntuación:

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE C	TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE B +SOBRE C
OREGA	51,00	67,54
EDISERPO	55,60	88,19
TUCONSA	50,55	63,13
PROYCOGA	52,80	71,30
COPCISA	55,89	68,16
BALBOA Y BUCETA	50,58	60,33
CPA&IBEC	60,00	80,58
DICSA	53,57	84,84

O Presidente ordena a incorporación das ofertas presentadas ao expediente, e a Mesa de Contratación, propón a adxudicación das obras de “Arranxo da estrutura, fachada e cuberta da Casa do Concello” a empresa **CONSTRUCTORA EDISERPO S.L.**, por ser a que acadou a maior puntuación de todas as presentadas, e axustarse ao exisido no prego de cláusulas administrativas particulares, efectuando a Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de clasificación:

1º CONSTRUCTORA EDISERPO S.L.

2º DICSA

3º CPA&IBEC

4º PROYCOGA

5º COPCISA

6º OREGA

7º TUCONSA

8º BALBOA Y BUCETA

E no sendo outro o motivo deste acto, dase por terminado no lugar e data enriba indicados.